

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 11 DE XUÑO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día once de xuño de dous mil dezaioito ; as nove horas e cincuenta minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde D José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro , Don Javier Iglesias Sendín e Dona María López Touza

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado catro de xuño de dous mil dezaioito (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non hai.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

-Escrito de don Fernando Ruano González no que expón que por motivos de cambio de traballo solicita a baixa voluntaria no seu posto de traballo , sendo o último día o 14-6-2018 e solicita a baixa voluntaria no traballo.

A xunta de goberno local acorda aceptar a renuncia presentada por don Fernando Ruano González.

-Escrito de Establecementos Asociados Ribeiro ,no que por o ben do funcionamento das terrazas dos bares na Praza Maior, solicitan que se implante unha normativa que prohiba o xogo con balón na Praza.

A xunta de goberno acorda que se toma en consideración a proposta, e se tentará de levar a cabo, si ben non pode facerse de forma inmediata, porque se require que dita cuestión se regule vía ordenanza o que require un acordo plenario.

-Escrito de don Brais Fidalgo Martínez ,voceiro de Ribeiro en Común, solicitando copia das Memorias aprobadas na anterior xunta de goberno.

A xunta de goberno acorda autorizar o acceso a ditas memorias, quedando a súa disposición nas dependencias municipais.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Escrito da Xefatura Territorial do Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria comunicando a concesión dunha subvención ao concello de Ribadavia para o fomento do emprego no medio rural para a contratación de dous peóns.

-Escrito da Axencia de Turismo de Galicia comunicando a inscrición no REAT dunha vivenda de uso turístico.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CERTIFICACIÓN Nº 1 LIQUIDACION DA OBRA DENOMINADA “MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE RIBADAVIA.-

Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 1 Liquidación da obra denominada “Mellora de camiños municipais no Concello de Ribadavia”, redactada pola Técnico Director da Obra Don Salvador Añel Prada, executado pola empresa Daniel Novoa Iglesias, por un importe total de 44.200 euros.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1. Aprobar a certificación nº 1 Liquidación, anteriormente indicada por importe de 44.200 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e o Concello de Ribadavia.
2. Aprobar a factura emitida pola empresa Daniel Novoa Iglesias co nº 1/E, de data 06.06.2018, pola mesma cantidade.

Aprobación de bases de selección de dos peóns de limpeza .

Recibida comunicación do Servizo Provincial de Emprego, notificando a concesión de subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) , subvencionando a contratación de dos peóns de limpeza, procédese a aprobación dunhas bases para a selección de persoal laboral temporal, para cubrir dúas prazas de peón de limpeza. No expediente constan os seguintes elementos:

1. Bases de selección asinadas polo Alcalde de data 11 de xuño de 2018.
2. Informe de secretaría de data 11 de xuño de 2018.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir dúas prazas de peón de limpeza.

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

Vista a Orde de 4 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas xoves incluídas no

ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2018, a Xunta de Goberno Local acorda :

- 1.-Constituír unha agrupación cos concellos de Carballeda de Avia e Castrelo do Miño aos efectos de solicitar unha subvención ao abeiro da citada Orde, e nomear como representante da agrupación ao concello de Ribadavia.
- 2 Aprobar o proxecto de “ Resinas do Avia Miño”.
- 3 Solicitar unha subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria para a execución de dito proxecto, para 16 alumnos.
- 4 Someter o presente acordo á ratificación do pleno na primeira sesión que se celebre.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº1/18.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº1/18, por importe de 36.638 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRAS

Visto o proxecto de “Mellora de camiños municipais no concello de Ribadavia” redactado polo enxeñeiro técnico don Salvador Añel Prada de data de xaneiro de 2018.

Vista a Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 147.2:” As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto previa acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística así como do planeamento en vigor”

En exercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de 15 de xuño de 2015,a Xunta de Goberno local acorda:

- Aprobar o proxecto de “Mellora de camiños municipais no concello de Ribadavia” redactado polo enxeñeiro técnico don Salvador Añel Prada de data de xaneiro de 2018.

Acuerdo de inicio del expediente de contratación de “ Mellora de camiños municipais no concello de Ribadavia”

Visto el informe de Secretaría, y de conformidad con lo establecido en la Disposición Adicional Segunda de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre , de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE ,de 26 de febrero de 2014, y en ejercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de 15 de junio de 2015,

La Junta de Gobierno Local acuerda:

PRIMERO.- Aprobar el expediente de contratación , mediante procedimiento abierto simplificado sumario para la obra de “Mellora de camiños municipais no concello de Ribadavia ”, convocando su licitación.

SEGUNDO .Aprobar el gasto correspondiente:44.331,98 euros con cargo al presupuesto de 2018.

TERCERO.- Aprobar los pliegos de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas que regirán el contrato.

CUARTO.- Publicar el anuncio de licitación en el perfil de contratante con el contenido contemplado en el Anexo III de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre ,de Contratos del Sector Público.

QUINTO.- Publicar en el perfil de contratante toda la documentación integrante del expediente de contratación, en particular el pliego de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas. La documentación necesaria para la presentación de las ofertas tiene que estar disponible el mismo día de la publicación del anuncio de licitación.

SEXTO.- Designar a la unidad técnica formada por secretario e interventor del ayuntamiento, técnicos de este ayuntamiento, como órgano competente para proceder a la apertura y a la valoración de las ofertas.

SÉPTIMO.- Finalizado el plazo de presentación de las proposiciones, se procederá a la apertura de las proposiciones y a su valoración.

OCTAVO.- Efectuada la valoración de las proposiciones y la propuesta de adjudicación, se procederá a la adjudicación.

-Dase conta do Convenio de Cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e o concello de Ribadavia para a execución da obra “ Acondicionamento do Campo de Fútbol de O Sextal”

APROBACION DE PADRON DE ALCANTARILLADO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Padrón cobradorio da Taxa de Sumidoiros correspondente o exercicio 2016, por importe de 87.308,35 euros.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.



E sendo as dez horas e corenta e cinco minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO